

1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES DE LINGUA GALEGA E LITERATURA:

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar
Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto
Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir
Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias.
Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.
Bloque 3. Funcionamento da lingua
Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.
Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.
A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).
Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.
Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
Bloque 4. Lingua e sociedade
Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a

actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
Prexuízos lingüísticos.
Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.
Bloque 5. Educación literaria.
Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade
Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes
Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A. AVALIACIÓN INICIAL

Partiremos dunha avaliación inicial que nos permitirá detectar os coñecementos previos, os intereses e as actitudes do alumnado.

B. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

Para a elaboración das cualificacións terase en conta o seguinte baremo:

Valoración cualitativa do proceso individual: interese e traballo diario, caderno e uso oral da lingua.

Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente :

Interese ante a materia e traballo diario: (10% da nota total da avaliación).

- Seguimento das instrucións dadas polo docente.
- Corrección dos exercicios e actividades.
- Aproveitamento diario da clase.
- Realización de exercicios, no caso de seren marcados.
- Realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- Autonomía e iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade e resolver dúbidas.

Oralidade: (10% da nota total da avaliación).

- Utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- Esfuerzo por mellorar a pronuncia e as estruturas gramaticais, así como a adquisición de novo vocabulario.
- Rexeitamento de prexuízos.
- Respectar a quenda de palabra.

- Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos compañeiros.
- Exposicións orais sobre temas propostos polo/a profesor ou profesora.
- Exames orais.

Valoración cuantitativa do progreso individual a través de probas escritas (70% da nota total da avaliación).

Ao longo de cada trimestre realizaránse, como mínimo, dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Esta(s) proba(s) sumará(n) á nota trimestral un 70% e as preguntas e exercicios que aparezan neses exames levarán ao seu carón a puntuación correspondente.

Lectura obrigatoria dun libro (10% da nota total da avaliación).

O/a alumno/a escollerá un libro da escolma proporcionada polo profesor/a, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita, oral ou traballo escrito ou audiovisual ou ficha determinada polo docente. Desta proba valorarase:

- **Contido:** as respostas deben contestar de forma clara ao que se pide, sen lagoas nin información incompleta. Tamén se poderá avaliar a opinión crítica de calquera aspecto relacionado con ese libro.
- **Expresión oral/escrita:** valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- **Ortografía:** esta debe seguir as normas ortográficas vixentes.

Se da corrección desa proba se deduce que o libro non foi lido, non se terá en conta para a cualificación da presente avaliación, aínda que haxa algunha pregunta ou apartado contestado correctamente.

Lectura voluntaria dun libro (sumará 0.50% puntos á nota media desa avaliación).

Este libro voluntario será elixido desa escolma proporcionada e a comprobación da lectura do mesmo será a través dun traballo ou ficha escrita e unha proba oral.

PROBAS ESCRITAS	70%
ACTITUDE E TRABALLO DIARIO	10%
ORALIDADE	10%
LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA	10%
LECTURA VOLUNTARIA	0.50% puntos

C. RECUPERACIÓNS TRIMESTRAIS

Todo o alumnado terá a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas cun exame escrito que recolla preguntas similares aos exames realizados nas avaliacións suspensas.

As recuperacións dataranse:

- A primeira avaliación e segunda avaliación serán recuperadas despois das vacacións de Nadal e Semana Santa, respectivamente.
- A terceira farase antes do exame final de xuño.

D. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

- A nota da convocatoria ordinaria de xuño será a resultante da media aritmética das tres avaliacións. A media farase sempre coas notas máis altas: avaliación ou resultado das recuperacións.
- alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas non terá que facer unha proba final global.
- alumnado que teña unha avaliación ou máis suspensas non terá que facer a proba global cando a media aritmética sexa un cinco ou superior a esta nota.
- Cando a nota media das tres avaliacións sexa inferior a cinco, o alumnado terá dereito a facer unha proba global que inclúa os estándares impartidos en todo o ano académico. A nota a partir da que se considera aprobado o curso é de 5 puntos e a actitude do alumno ante a materia nin sumará nin restará.

E. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

De seren negativos os resultados, en setembro ese alumnado deberá realizar unha proba escrita que incluíra dez preguntas, que se valorarán segundo a súa importancia, que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. Non incluíra preguntas dos libros de lectura.

A nota a partir da que se considera aprobada a materia, froito exclusivamente desa proba extraordinaria, será de 5 puntos ou superior.

F. OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

- Nas diferentes probas escritas que se realicen ao longo do curso tamén se terá en conta a corrección lingüística, polo que poderá afectar sobre a cualificación dos exames cando se faga un **uso inadecuado** de **grafías alleas** ao galego como **“y”** ou **“j,”** **maiúsculas**, **minúsculas**, **reescribir mal palabras** que aparezan nos enunciados, **uso de tempos verbais compostos** ou **confusións entre “b, v, h, s, x,”** **colocación do pronome átono** ao comezo de oración e acentuación. Polo que se descontará **0.1** por cada **dous erros** reseñados arriba. No caso de ser faltas de **acentuación**, descontárase, tamén, **0.1** por **catro erros**.
- Só se repetirá un exame ante unha causa debida e documentalmente xustificada. Se a falta de asistencia non é xustificable, a cualificación que se lle outorgará a esa proba para establecer a nota media será cero.
- Aquel alumnado ao que se sorprenda copiando nun exame, independentemente da sanción imposta pola Dirección do centro, será cualificado cun cero na dita proba.

OBXECTIVOS DO CURSO.

En concreto, os obxectivos específicos a lograr en 4º de ESO son os seguintes:

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

2. escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha sólida preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
13. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Identificar os conectores e outros mecanismos que doten de cohesión o texto.
16. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
17. Coñecer e aplicar as regras ortográficas. Departamento de Lingua Galega e Literatura .
18. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
19. Valorar a ecoloxía das linguas como medio de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.

20. Coñecer a lusofonía e a súa importancia no século XXI.
21. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia na actualidade, coñecer as principais iniciativas normalizadoras e normativizadoras e identificar prexuízos.
22. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade.
23. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
24. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
25. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1919 ata a actualidade.
26. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega desde 1916 á actualidade e coñecer a produción e autores máis destacados.
27. Comentar textos literarios da literatura contemporánea.
28. Elaborar traballos expositivos e argumentativos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1916 a actualidade ou sobre temas de actualidade.
29. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na clase.
30. Producir comentarios connotativos.